

# Acompañar á fraxilidade



Familia Amoris Laetitia  
Año 2021 - 2022

click aquí!

## Ano da Familia



CONFERENCIA  
EPISCOPAL  
ESPAÑOLA

# A familia, á luz da Palabra de Deus

«A Igrexa debe acompañar con atención e cuidado aos seus fillos mais fráxiles, marcados polo amor ferido e extraviado, dándolles de novo confianza e esperanza, como a luz do faro dun porto ou dun facho levado no medio da xente para alumear aos que perderon o rumbo ou se atopan no medio da tempestade». AL 296



## Motivación co Papa Francisco

«Hoxe en día, a fraxilidade das familias ponse á proba. Todos somos fráxiles, e as separacións, divorcios e convivencias convértense nunha realidade para moitas familias de todo o mundo. A Igrexa ten a tarefa de ir ao encontro daqueles que desexan permanecer preto de Deus, para axudarlos a transformar os seus fracasos e sufrimentos en oportunidades para camiñar cara a plenitude do Evanxeo».

«En cada situación, o importante é utilizar o bálsamo da misericordia para aliviar as feridas e facer que as persoas se sintan acollidas, respectando a verdade. Hai que ensinar á xente a perdoar, a comprender, a esperar»



## Testemuño

«As familias fráxiles necesitan que se as visite, que se intercambien opinións, que se as comprenda e que se as aconselle espiritualmente para que recuperen a confianza en si mesmas».

«Ningunha familia debe ser excluída da comunidade, sexa cal sexa o problema. O matrimonio é un lugar de felicidade, non de infelicidade. A comunidade debe ser un apoio que amose a estas familias a importancia de protexer e guiar aos seus fillos para un futuro mellor».



# En familia



## Oración

Señor,  
axúdanos a crer no amor, mesmo no  
momento da proba.

Fai que nunca nos demos por vencidos  
para loitar pola nosa familia, mesmo  
cando o conflito nos fai sufrir, cando o  
perdón parece difícil, afastado ou  
imposible de alcanzar.

En ti nada é imposible, a túa misericordia  
reconfórtanos, a túa Palabra guíanos, a  
túa presencia danos esperanza.

Amén



## Panxoliña



CONFERENCIA  
EPISCOPAL  
ESPAÑOLA



Familia Amoris Laetitia  
Año 2021 - 2022



## Nadal en familia

Descarga o folleto "Orar en  
familia no Nadal", editado  
pola Conferencia Episcopal  
Española.



## Para afondar

■ Invitación á lectura de Amoris Laetitia  
Capítulo 8

■ Se queres mais, [click aquí!](#)

